Mel e barro

as máis belas tradicións de Galicia

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Mel e barro

as máis belas tradicións de Galicia

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Imaxe de portada: *Meleira de Gundivós*. Sober. Lugo. Col. Gerardo Caldas

INTRODUCIÓN

O mel, a cera e o barro, froito dunha relación ancestral entre o ser humano e as abellas, forman parte substancial da identidade galega, cuxos usos e costumes foron transmitidas xeración tras xeración ata os nosos días.

Así, froito desa relación, poderíamos falar do alto poder nutritivo e curativo do mel, que deriva nun consumo tradicional deste produto, presente en todas as casas, do seu poder cicatrizante e de sanación incorporado á sabedoría popular, da súa relación coa morte ao formar parte dos rituais ancestrais de amortallamento, dos cortexos fúnebres —como é o ritual do abellón—, do papel da cera na expresión da relixiosidade en Galicia por medio de exvotos e ofrendas; nos rituais adivinatorios tan perseguidos pola Inquisición no pasado… Todo iso apoiado polos oleiros que fabricaron as pezas adaptadas ás necesidades do cultivo, almacenaxe e consumo do mel e a cera.

Esta é unha ocasión especial, a XXX Feira do Mel en Lugo, na cal, desde a Área de Participación e Servizos para a Veciñanza do Concello de Lugo queremos abordar esa relación desde un prisma máis aló do meramente comercial a fin de afondar na súa orixe e incorporar á memoria colectiva, o seu papel na nosa cultura.

Mel e barro, as máis belas tradicións de Galicia, é unha exposición única sobre olería galega de pezas antigas (ss XVII-XX) relacionadas co cultivo e uso do mel e a cera.

Son un total de 20 pezas que inclúen meleiras, veleiros, ámboas do mel, xarras, olas e cazolas do mel, etc., pezas que proceden da colección Gerardo Caldas (Sarria) e colección Rosa Carballés (Santiago de Compostela), dúas das coleccións máis importantes do estado, de olería antiga e que atesouran a maioría da alfarería que se fabricou en Galicia nos últimos tres séculos, evitando que este patrimonio etnográfico saia de Galicia.

Xunto con esta vintena de pezas antigas, inventariadas e catalogadas, a exposición mostra tamén outras 15 pezas que no seu momento tamén se dedicaron ao mel e á cera noutros lugares da Península, e que por falta de uso e cambios sociais, deixaron de fabricarse, esquecéndose en alpendres e faiados.

Froito dun traballo de investigación e da colaboración de oleiros e oleiras da zona de procedencia de cada unha das pezas, —participantes na II Feira de Olería Lugo Tradicional (FOLT)— que se celebra nestes días na nosa cidade, poderemos contar no Museo Provincial de Lugo con auténticas reproducións que convivindo coas antigas, construen un discurso expositivo único e didáctico, contribuíndo ao seu rescate do esquecemento e incorporación ao acervo do arte popular de olería tradicional.

Expóñense igualmente unha serie de imaxes antigas cedidas por diferentes institucións que recollen esceas do pasado onde pode verse algunha das pezas exposta e lugares de traballo que axudarán á comprensión e mensaxe do conxunto expositivo.

Agradecemos desde aquí a participación desinteresada na exposición Mel e barro, as máis belas tradicións de Galicia, dos coleccionistas Gerardo Caldas e Rosa Carballés, así como aos oleiros e oleirás da Feira de Olería «Lugo Tradicional» (FOLT), e a das diferentes institucións xa que contribúen unha vez máis á recuperación da memoria e da cultura popular galega que conforman a nosa identidade e a nosa historia.

Agardamos que a disfroiten e valoren na súa xusta medida.

Cristina López Fernández
Tenenta Alcaldesa do Concello de Lugo
Área de Participación e Servizos para a Veciñanza

Veleiros de Buño, unha das olerías máis destacadas de Galicia

Mel e barro, as máis belas tradicións de Galicia

Leka Huie: *Abella melífera libando nun Xacinto da uva.*
Hong Kong. Chinesa, 2015
Ecomuseo Municipal das Apiculturas do Mundo (EMAM)

A apicultura e a olería son dúas facetas do coñecemento popular que manteñen estreitos vínculos desde o principio dos tempos e que forman parte das tradicións máis belas e da cultura rural do pobo galego. Barro e mel gozaron de tanto arraigamento entre a sociedade galega que modelaron a súa identidade influíndo no seu modo de vida durante séculos.

O mel de Galicia, polas peculiaridades do clima, do chan e da vexetación autóctona, é un produto altamente valorado e consolidado en feiras, mercados e certames celebrados en toda a súa xeografía (como a actual XXX Feira do Mel de Lugo), declarado Produto Galego de Calidade en 1988 e que conta con máis de 35 empresas envasadoras dentro da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia (IGP). Mentres que a olería galega, polos seus ventres imposibles, polo seu acabado e decoración, e polas súas formas singulares que destacan entre o amplo repertorio tipolóxico, constitúe unha das artesanías máis importantes de todo o Estado. Un oficio desempeñado por mulleres e homes que souberon dialogar coa terra e o lume, e que foron capaces de fabricar unha das máis fermosas olerías do mundo tal e como se aprecia percorrendo a sala expositiva.

Mel e barro, as máis belas tradicións en Galicia, mostra ao espectador que se achegue polo Museo Provincial de Lugo, unha selección de veleiros, meleiras, castraderas e pucheiras do mel de diferentes antigüidades (séculos XVII-XX), orixinarias de distintos recunchos de Galicia, postas ao alcance do público grazas á xenerosidade de dúas das coleccións galegas de barro antigo máis prestixiosas como son a colección Gerardo Caldas (Sarria) e a colección Rosa Carballés (Santiago de Compostela).

Meleiras de todos os tamaños e perfís onde almacenar este «ouro líquido», recipientes que polo seu tamaño e morfoloxía, polos reforzos dixitados que adornan algunhas destas pezas, pola pátina que o tempo e o uso depositou nas súas paredes, son dunha beleza e rotundidade que cativan e hipnotizan a mirada. Meleiras que poden portar entre o ombreiro e o pescozo un voladizo exvasado coa finalidade de conter auga, supoñendo unha barreira hídrica que impide o acceso de formigas ao apetitoso alimento. Variante destas meleiras son as que se utilizaron, ademais de para almacenar, tamén para decantar o mel, castraderas nas que ese saínte en ocasións é máis pronunciado, contando cunha serie de buracos no ángulo entre o apéndice e o pescozo, de tal modo que poidan apoiarse os panales para que escorra o mel ao interior do recipiente.

ANMinvestigación: *Detalle de meleira de Gundivós.* Sober. Lugo
Col. Gerardo Caldas

A selección de pezas expostas suma veleiros e candeleiros que suxeitaron velas e velóns cos que se rompeu a penumbra nas casas e as cortes tras ser bendicidos en Xoves Santo, dentro dos rituais do agro galego, buscando protección para as persoas e o gando.

Co fin de poñer en relevo a diversidade cultural e imaxinativa do ser humano á hora de abordar solucións fronte a similares dificultades en puntos sen relación cultural entre eles, a exposición fai un percorrido por outras zonas do Estado onde hábiles mans de mestras e mestres do barro fabricaron séculos atrás meleiras con técnicas propias de cada lugar, que debido á falta de uso, difumináronse en faiados, alpendres e ruinosos andeis, e que agora se recuperan grazas ao bo facer dos *alcalleres* participantes na Feira de Olería «Lugo Tradicional» (FOLT), que se prestaron a reproducir meleiras e veleiros representativos da súa cidade de procedencia para ser mostrados nesta singular exposición, ofrecendo así unha completa visión de como a olería veu cubrir necesidades básicas nos labores propios da apicultura, así como nos fogares á hora de consumir exquisitos meles.

ANMinvestigación: *Castraderas de* Arroio de la Luz (Cáceres) e de Cidade Real.
Col. Gerardo Caldas

A abella, o mel e a cera

Para o home primitivo descubrir o mel supuxo un cambio de vida equivalente a acontecementos tales como a fabricación das ferramentas, o dominio do lume, a autoconciencia ou

Gravado rupestre na Cova da Araña

a comprensión abstracta. O mel vén acompañando ao ser humano desde sempre como un alimento de alto valor nutritivo, un manxar de deuses con poder curativo e compoñente fundamental en ritos relixiosos, funerarios e medicinais, e en multitude de crenzas relacionadas coa protección e a pureza nas antigas culturas, calidades polas que a este alimento denominóuselle con acerto «ouro líquido».

Rastros do coidado das abellas e da obtención do mel aparecen en pinturas do Rupestre levantino nas Covas da Araña, en Bicorp (València, entre 9 000 e 1 400 a. C.), representando o que parece unha muller colleitando mel dun panel, empolicada a unhas lianas e rodeada de abellas.

As abellas

A abella melífera *(Apis mellifera),* considerada e tratada en Galicia como «gando», pola súa relativa importancia económica e social, así como pola forma de manexala e de xestionar o trato coas colmeas, a polinización e os enjambrazones, é unha especie de himenóptero apócrito da familia *Apidae,*

cuxa especie é a máis estendida no mundo, que se alimenta de plantas melíficas como xara, romeu, xesta, ourego, tomiño, menta, mejorana, espliego, breixo, madroño, esparraguera, fiúncho e outras, achegando características específicas ao mel cada unha delas. O hábitat onde desenvolve a súa actividade este insecto, a colmea, réxese por unha estrita xerarquía interna onde o individuo en si mesmo carece de valor en favor da colectividade, formando un superorganismo sinérxico onde o todo é máis importante que a suma de cada suxeito.

As abellas son insectos altamente sofisticados e esenciais na cadea interactiva dos ecosistemas: se desaparecesen as abellas, con elas desaparecerían moitas outras especies vexetais (ao redor do 80% das plantas silvestres dependen das abellas para a polinización) e animais, poñendo en perigo a supervivencia do ser humano. Esta ameazadora realidade xa a vaticinou Albert Einstein en 1949 na carta enviada ao seu amigo o etólogo austriaco Karl Ritter von Frisch, quen recibiu o premio Nobel de Fisioloxía e Medicina en 1973 polos seus estudos sobre a danza das abellas: *Se desaparece a biodiversidade de plantas e todos os polinizadores, a este modelo de civilización humana quedarían poucos anos. Poucos humanos sobrevivirían e fariano moi mal, pois se reduciría drasticamente o seu número e desaparecería o modelo de civilización actual, que mantén desconectado ao consumidor do produtor, forzando que todos os consumidores fosen á vez produtores primarios para sobrevivir.*

Á mensaxe que Einstein lanzou hai unhas décadas, hoxe debésemos prestarlle atención sen demora polos efectos devastadores do cambio climático que afecta o ciclo vexetativo, e por tanto ás abellas—, un fenómeno co que xa estamos a convivir (e a morrer, acaba de medirse o punto máis caloroso do mundo situado no Gran Deserto de Altar, en Sonora (México), onde a NASA rexistrou 80 graos Celsius). O certo é que, sen as abellas, a humanidade veríase enfrontada a unha desnutrición severa, a conflitos por falta de alimentos e a pandemias provocadas pola proliferación de enfermidades.

O mel

O mel, pola súa pervivencia sen corromperse, supuxo unha doce unión coa morte desde o albor dos tempos. Os exipcios utilizaron frecuentemente o mel nas momificacións, como proban os ronseis exipcios de Deir-o Medineh, nas proximidades de Luxor, onde se pode ler: *[...recolectores de mel aprovisionaban os almacéns]*.

Tanto o mel como a cera formaron parte dun amplo catálogo de fórmulas embalsamadoras exipcias baseadas nun tipo de momificación consistente na introdución de cadáveres en mel, caso do caudillo macedonio Alejandro Magno, enterrado nun sartego cheo de mel con obxecto de preservar o seu corpo. Tamén se embalsamaban en mel os cadáveres dos nenos ou de certos persoeiros poderosos que non querían ser incinerados tras o seu falecemento, destino final do cadáver naquela época.

Do mesmo xeito que no Antigo Exipto, a tradición rural galega consideraba que a abella era unha personificación da alma inmortal, incorporándoa aos seus ritos funerarios a través da cultura indoeuropea, onde este psicopompo actuaba como mensaxeira entre o mundo dos vivos e o dos mortos, un crenza arraigada fortemente nalgúns pobos de Galicia. Así, cando falecía unha persoa, os seus familiares formaban unha roda no velorio deixando o cadáver no centro e danzaban ao redor dando pequenos saltos, collidos das mans e emitindo un ruído «mmmmm» polo nariz, emulando ao zunido das abellas, co fin de conducir

R Marín: *Ilustración do rito do abellón*
Consello da Cultura Galega, 2010

a alma do defunto cara ao outro mundo, un baile mortuorio coñecido como Danza do abellón. Os participantes pactaban de antemán as regras do rito, onde non se podía deixar de zoar, nin soltarse das mans, nin falar, pois, quen o así o fixese, segundo a tradición recibiría a visita da morte.

Despois dun tempo danzando e zoando sen parar, a persoa máis vella das presentes lanzaba un aturuxo, poñendo fin ao baile, considerando a partir dese momento que a morte era efectiva, dando inicio ao loito.

Reunións funerarias que, no rural galego e na súa forma un tanto irreverente de xestionar a morte, acababan converténdose nun banquete festivo con xogos e risas entre os congregados, buscando paliar a dor e a tristeza fronte á desaparición dun ser querido.

Un ritual que se trasladou aos patios dos colexios do pasado século, onde nenas e nenos collíanse das mans e daban voltas en círculo mentres entoaban o cántico animal, e que tiña as súas regras: quen falase ou rise era expulsado da roda gritándolle o resto ¡Morreu, morreu!, e xa quedaba fóra do xogo porque «estaba morto».

As abellas bailan executando unha serie de movementos circulares para comunicar ao resto que atoparon unha fonte de alimento (a danza das abellas), e indicar aos seus semellantes o punto exacto ao que deben acudir, unha danza que en Galicia é coñecida como «A danza do oito» e que o agro galego tomou prestada para guiar aos seus ao máis aló na última viaxe.

A cera

As abellas novas son as produtoras de cera a partir dos hidratos de carbono do néctar e o pole libado das flores, segregando polas glándulas ceríferas unha substancia branca en estado líquido que se vai transformando a estado sólido ao evaporarse en contacto co aire, formando pequenas escamas de cera no abdome da abella, que logo moldearán coa boca mediante a secreción das súas glándulas mandibulares e será co que constrúan as celas, alvéolos hexagonais dos panales onde se conservará o mel e o pole, onde a raíña depositará os seus ovos e onde as novas abellas criaranse no seu interior.

A luz das velas de cera de abella, pola súa cor branca e por carecer de cheiro e fume, era e segue considerándose pura no Cristianismo, o que fomentou o seu consumo masivo destas luminarias como substancia litúrxica na maioría de ritos, como os sacramentais, os mortuorios, procesionais, os de protección ou os de gratitude polos favores concedidos, pedidos con fervor a santos e divindades. Ao que se suma todo o relativo á iluminación dos templos e vixilias de santos, ou durante as misas, onde supoñía pecado mortal realizalas sen a luz das candeas de cera.

Xosé Manuel Sendín: *Diferentes exvotos fabricados en cera.* Santa María de Paraños. Covelo. Pontevedra, 2019
Centro de Interpretación da Cerería de Paraños

Un consumo de cera ampliado polo que se consignaba en concellos, cenobios ou irmandades e confrarías, ademais do da propia veciñanza, que empregaba frecuentemente velas para iluminar en procesións ou para ofrendas mortuorias, do mesmo xeito que cirios para bendicir e ritualizar logo na casa ou na corte por adquirir propiedades milagrosas ou protectoras tras ser bendicidos. Así como por exvotos figurativos construídos con cera —representacións do corpo humano ou dalgún animal—, por medio dos que os fieis católicos daban testemuño dun favor ou milagre obtido. Tamén foi cuantioso o consumo de cera para velas e cirios con que pagar as multas impostas pola igrexa aos fregueses por faltas contra a relixión.

Xosé Manuel Sendín: *Antigo lagar de cera de Santa María de Parños.* Covelo, Pontevedra, 2008
Centro de Interpretación da Cerería de Parños

Xosé Manuel Sendín: *Curadeiro de cera As Brasileiras.* San Bartolomeu da Lamosa. Covelo, Pontevedra, 2007
Centro de Interpretación da Cerería de Parños

A transformación da cera de abella é un proceso relativamente sinxelo, basicamente cómpren calor e métodos de filtraxe para obter unha óptima calidade. Os cereiros adoitaban percorrer os pobos de Galicia onde había produción de cera (tanto a nivel doméstico como a maior escala) para negociar cos apicultores os panais vellos e os opérculos resultantes de extraer o mel, para facer provisión deste material e procesalo no lagar de cera.

Unha vez no lagar, facíase un primeiro cocido mesturándoa con auga para abrandala e eliminar impurezas filtrándoa con esparto ou palla, que posteriormente se espremerían coa prensa de madeira (algo similar ao prensado da uva ou a mazá), onde xa desaparecía calquera rastro de inmundicia que quedaba retido nos filtros vexetais.

A cera solidificada volvíase a derreter pasándoa por auga fría para obter cera en grumos ou en cintas, que se estendían sobre un lousado, baixo os raios do sol para branqueala, humedecendo e removendo con algunha ferramenta diariamente ao longo dun mes para que a luz solar incidise uniformemente en todo o produto. A predilección de velas brancas pola igrexa motivou a práctica de branquear a cera por parte dos cereiros. Aínda que a cera que producen as glándulas das abellas nun principio é branca, ao cabo dun tempo tórnase amarela, e mesmo moi escura dentro da propia colmea. Unha vez branqueada, a cera volvíase a derreter para labrar as velas, optando por dous métodos: Un deles sería vertendo cun cazo unha cantidade nos *pabilos* ou torcidas de fío de algodón que colgaban dunha roda colocada en posición horizontal, que viraba nun eixo sobre unha caldeira, onde caía a cera sobrante e mantíñase quente, repetindo a operación un número de voltas determinadas segundo o grosor desexado. Unha vertente deste sistema era a de introducir o *pabilo* na cera líquida repetidamente, superpoñendo capas



Agustín Arias Martínez: *Roda de velas no taller de cerería.* Azuqueca de Henares. Guadalaxara, 1999
Ecomuseo Municipal das Apiculturas do Mundo (EMAM)

ata engrosar a vela. O outro método consistía en introducir a mecha en moldes bivalvos de madeira, cana de bambú ou lata e encher de cera líquida, desmoldando tras o fraguado. Endurecidas as velas era necesario endereitalas, igualalas e brunilas facéndoas rodar entre unha táboa pesada e lisa e unha mesa, para finalizar cortándoas para eliminar os remates e dar a medida definitiva.

En canto aos exvotos, tan comúns na xente do agro en Galicia e na maioría da comunidade campesiña do Estado, a forma de fabricalos era utilizando moldes bivalvos de escaiola en negativo da figura final, mergullándoos en auga para que se empapase o xeso e facilitase que a cera se desprendese, vertendo cera derretida no interior e facendo virar o molde para conseguir o grosor de parede axeitado. A cera sobrante baleirábase, logo do cal abríase o molde e desmoldábase o positivo oco, ao que só quedaba rebarbar as unións da xunta producidas polas unións da escaiola. Unha variante máis artesanal, utilizada excepcionalmente por algún labrego, era a de modelar coas mans un anaco de cera reblandecida ata conseguir unha figura máis ou menos definida, que perfilaba cunha navalla unha vez endurecida.

A pesar do uso que se lle deu á cera, pouco achegou a olería a esta industria, máis aló de velorios ou candeeiros de innumerables formas, ou candeeiros dun, dous ou máis brazos para soster outras tantas velas; luminarias con que dar luz en fogares, cortes ou igrexas.

Con todo, esta tan común, ignorada e á vez práctica peza de barro como é o veleiro, sen identidade e apenas peso na olería, curiosamente foi un dos obxectos favoritos na literatura, nas artes escénicas, no cinema e na simboloxía visual en bodegóns e outras composicións pictóricas de artistas tan prestixiosos como Van Gogh, Gauguin ou Picasso, seguramente pola súa relación co misticismo do lume e coa luz coa que iluminar a penumbra e, por suposto, por posuír unha atractiva harmonía estética.

A casa das abellas

A casa das abellas adoptou diferentes nomes dependendo da zona xeográfica onde se situou. O termo «colmea» é o máis estendido no Estado, con orixe no étimo da voz bretoa céltica *Koloen-wénan,* formada pola composición *Kólo* (palla) e *Wenan* (abellas).

Outras acepcións localistas utilizadas polos apicultores usan o metonímico do material co que se constrúe o receptáculo habitacional: *troba* (en Galicia, buraco no tronco), *trobo, truébano, trubiecu* (en Asturias, tronco dunha grosa árbore), ou *toxo* cando alude a cortiza de árbore que, cando é de sobreira, en Galicia recibe o nome de *cortizo (*fóra do ámbito galego, *arna, cortiza, rusca, rusc* ou *zuro)*; e *vaso* cando é de barro cocido. A esta forma de chamar en cada lugar á casa das abellas súmanse *abellar, abelleira, abiyera, bejera, caxella,* ou *curral de abellas.*

O mel en Galicia

A apicultura galega tradicional tivo un certo percorrido produtivo suxeito maioritariamente ao autoconsumo na casa, cunha formulación autárquica e de subsistencia que non sobrepasou as fronteiras da economía e as necesidades campesiñas, nada semellante á incidencia noutros lugares do Estado como os levantinos, catalans, baleares ou estremeños, onde mesmo se contaba con gremios, irmandades e tribunais apícolas e con cárceres, mazmorras e poldros onde infrinxir castigos por delitos relacionados coa apicultura.

Xosé López Pérez: *Corticeiros en Vilameá.* Lobios. Ourense, 2012
Ecomuseo Municipal das Apiculturas do Mundo (EMAM)

Isaac Teixeiro López: *Alvariza no Roteiro do Oso e ou Mel do Courel*. Seceda. Folgoso do Courel. Lugo, 2022

Aínda así proliferaron as alvarizas ou alvares, construcións de planta circular, dun diámetro entre os 12 e 20 metros, levantados en tapial de pedra de xunta seca de entre tres e catro metros de altura e un espesor próximo ao metro, que podían albergar entre 30 e 60 colmeas, cuxo fin era protexelas dos animais (en 2018 a UNESCO incluíu a arte de construción de muros en pedra seca na súa Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade, aínda que pouco contribuíu o importante recoñecemento a preservar esta riqueza arquitectónica rural).

O campesiñado galego non puido abstraerse de incluír nos seus ritos ás abellas e ao seu cosmos, véndoas como animais sagrados, crendo que cando alguén morría, se reencarnaba nelas, polo que se coidaba de blasfemar ou discutir na súa presenza.

Un antigo costume que aínda se lembra nalgúns pobos de Galicia, consideraba ás abellas parte da familia e, por tanto, debíaselles informar da morte do seu dono e facilitarlles o loito, evitando con iso que morresen con el e abandonaran as colmeas acompañando a súa alma. A fórmula varía pouco dun lugar a outro: un membro da familia camiña con reverencia cara ás abellas e cobre as colmeas cun pano negro para poñelas de loito. Esta persoa toca tres veces en cada colmea coa chave da casa e recita: *Abellas, abellas, abellas, o voso amo morreu.* E engade: *O voso novo amo é…* (e anuncia a quen corresponda).

O mel, polo seu gran poder como antiséptico natural con propiedades antibióticas e antibacterianas, como antiinflamatorio e emoliente da pel, por favorecer as dixestións e como sedante e expectorante, séguese a utilizar como remedio eficaz e para cicatrizar pequenas feridas, sendo obxecto de agasallo en todos os ámbitos poboacionais entre familiares e amigos, un costume que emana da cultura aldeá, onde se regalaba este ben prezado reafirmando con iso o sentimento de veciñanza e as relacións entre as casas. E nunca se cobraba polo mel, o que estaba mal visto pola sociedade rural, unha sociedade solidaria onde todo se compartía e onde se devolvían os favores con outros favores. Ninguén como os aldeáns coñecía o valor curativo dos ritos para o ánimo e dos remedios naturais para o corpo, transmitidos secularmente co vento da tradición.

Como con outras prácticas produtivas elementais convertidas co tempo e coa culturización en oficio regrado, a apicultura atopou na olería solucións a modo de pezas de barro en grao sumo enxeñosas, pezas que se adaptaron a cada necesidade do ciclo vital dun pequeno pero fabuloso insecto, para facilitarlle o día a día a unha sociedade pretérita que soubo sacar proveito a unha forma de existir baseada na relación respectuosa e sabia coa natureza e no uso e consumo racional do que a contorna lle proporcionou.

A exposición Mel e barro, as máis belas tradicións de Galicia, congrega unha exclusiva selección de vasillas modeladas nos desaparecidos obradoiros galegos por pacientes oleiros e oleiras que, cunha habilidade tan interiorizada gañada con miles de horas sentados na roda, sacaron das pellas de barro formas tan belas e harmoniosas, que hoxe son auténticas obras de arte popular; unha colección etnográfica do mellor barro antigo galego, que convive solidariamente con outras formas foráneas, antes desaparecidas pero hoxe recuperadas para a ocasión, posto todo iso ao alcance do espectador que visite o Museo Provincial de Lugo e percorra o espazo expositivo deténdose a contemplar cada unha destas belas pezas, para descubrir unha parte fundamental da historia de Galicia.

Ricardo Fernández

TROBA DE CASTIÑEIRO
GALICIA
Col. Museo da Mel de Málaga

TROBA DE TABLAS DE CASTIÑEIRO
GALICIA
Col. Museo da Mel de Málaga

OLERÍA GALEGA PARA O MEL E A CERA

CHOCOLATEIRAS DO MEL
Bonxe. Outeiro de Rei. LUGO
Col. Rosa Carballés

PUCHEIRA DO MEL
Samos. LUGO
Col. Gerardo Caldas

PUCHEIRA DO MEL
Samos. LUGO
Col. Gerardo Caldas

MELEIRA
Samos. LUGO
Col. Rosa Carballés

MELEIRA
Gundivós. Sober. LUGO
Col. Gerardo Caldas

MELEIRA
Gundivós. Sober. LUGO
Col. Gerardo Caldas

MELEIRA
Gundivós. Sober. LUGO
Col. Gerardo Caldas

MELEIRA
Gundivós. Sober. LUGO
Col. Gerardo Caldas

MELEIRA
Gundivós. Sober. LUGO
Col. Gerardo Caldas

MELEIRA
Gundivós. Sober. LUGO
Col. Gerardo Caldas

MELEIRA
Gundivós. Sober. LUGO
Col. Rosa Carballés

MELEIRA
Niñodaguia. Xunqueira de Espadanedo. OURENSE
Col. Gerardo Caldas

PUCHEIRA DO MEL
Loñoá. Pereiro de Aguiar. OURENSE
Col. Gerardo Caldas

MELEIRA
Portomourisco. Petín. OURENSE
Col. Gerardo Caldas

MELEIRA
Portomourisco. Petín. OURENSE
Col. Rosa Carballés

MELEIRA
Portomourisco. Petín. OURENSE
Col. Gerardo Caldas

PUCHEIRA DO MEL
Portomourisco. Petín. OURENSE
Col. Gerardo Caldas

PUCHEIRA DO MEL
Portomourisco. Petín. OURENSE
Col. Rosa Carballés

PUCHEIRA DO MEL
Portomourisco. Petín. OURENSE
Col. Gerardo Caldas

PUCHEIRA DO MEL
Portomourisco. Petín. OURENSE
Col. Gerardo Caldas

RECUPERACIÓN DE PEZAS DE BARRO PARA O MEL E A CERA

Pedro Hidalgo rematando no torno unha alcolla meleira de Úbeda

Os mellores mestres e mestras do barro, participantes na Feira de Olería «Lugo Tradicional» (FOLT) que se celebra en Lugo desde 2022, asumiron o reto de recuperar para a etnografía popular pezas desaparecidas utilizadas outrora para o mel e a cera nos seus lugares de orixe.

Impulsaron as pesadas rodas de oleiro e amasaron grandes pellas de barro coas que modelaron aquelas vellas pezas, rescatándoas do frío esquecemento para que poidan verse na presente exposición, reincorporándoas ao catálogo tipolóxico de olería tradicional do Estado, o máis amplo catálogo de formas, texturas e acabados de vasillas de barro do mundo.

Juana Alcaide Dorado: *Alfonso Alcaide e Marisol Dourado fabricando e decorando respectivamente candeleiros cordobeses.*
La Rambla. Córdoba, 2023
Col. Cerámica Alfonso Alcaide

María Dolores Frutos Rodríguez: *Cristóbal Arance, oleiro de Bailén, fabricando veleiros (palmatorias) de cana.* Xaén, 2023
Col. Olería Cristóbal Arance

Suso Montero: *Elías González, oleiro de Gundivós, sentado á roda de man, fabricando unha meleira típica do lugar.* Sober. Lugo, 2023
Col. Reitoral de Gundivós

María del Rosario Ávila Díaz: *Francisco Moreno, oleiro de longa tradición de Talavera de la Reina, modelando meleiros.* Toledo, 2023
Col. Olería Moreno Benito

Mari Paz Martín Ferrero: *Francisco Pascual colocando o reborde antiformigas a unha meleira de Moveros.* Fonfría. Zamora, 2023
Col. Olería Paco Moveros

Ángel Leal Alcaide: *Graci Arias, quen recuperou a olería de Puertollano, rematando unha castradera típica da localidade.* Cidade Real, 2023
Col. Olería La Estación

Leticia Albalat Sánchez: *Joaquín Albalat no seu taller rodeado de pigmentos e pinceis fabricados por él, decorando a man unha serie de meleiros.* Ribesalbes. Castellón, 2023
Col. Cerámica Albalat



Carmen Salguero Domínguez: *Francisco Saavedra, oleiro de Salvatierra de los Barros, torneando unha castradera estremeña.* Badaxoz, 2023
Col. Olería Francisco Saavedra

Alberto Añón Corral: *El oleiro José Antonio Añón Lista torneando veleiros de Buño*. Malpica de Bergantiños. A Coruña, 2023
Col. Olería Lista

Laura Álvarez Cid: *El oleiro José Vázquez fabricando unha meleira de Niñodaguia.* Xunqueira de Espadanedo. Ourense, 2023
Col. Olería José Vázquez

José Antonio Guzmán Manzano: *Juanjo Pajares, oleiro de Arroio de la Luz, fabricando unha meleira estremeña.* Cáceres, 2023
Col. Olería Pajares

Mari Carmen Doval: *O oleiro Miguel Carrera fabricando veleiros, unha peza recuperada para a etnografía popular ourensá.*
Tioira, Maceda. Ourense, 2023
Col. Olería do Batán

Ana Pérez Ramírez: *O oleiro Pedro Hidalgo baña unha alcolla meleira nun engobe, para logo esgrafiar a súa superficie e que, tras o seu paso polo forno, resalte a cor do barro co verde do esmalte fundido.* Úbeda. Xaén, 2023
Col. Pedro Góngora

Bincymol Arackal Francis: *Pedro Rodríguez, oleiro de Pereruela de longa tradición, fabricando embudes para decantar panais de mel.* Zamora, 2023
Col. Olería Pedro Rodríguez

ORGANIZA

Concello de Lugo. Área de Participación e Servizos para a Veciñanza

COMISARIO

ANMinvestigación

TEXTOS

Cristina López Fernández
Ricardo Fernández

COLECCIÓNS

ANMinvestigación
Gerardo Caldas
Rosa Carballés

COLABORAN

Asociación pola Defensa do Patrimonio de Galicia (APATRIGAL)
Centro de Interpretación da Cerería de Paraños
Consello da Cultura Galega
Deputación de Ourense
Ecocolmena. Por un Mundo con Abellas
Ecomuseo Municipal das Apiculturas do Mundo (EMAM)
Museo da Miel de Málaga
Reitoral de Gundivós
Van Gogh Museum
Xosé Manuel Sendín

OLERÍA

Alfonso Alcaide (La Rambla (Córdoba)
Cristóbal Arance (Bailén. Xaén)
Elías González (Gundivós, Sober. Lugo)
Francisco Moreno Benito (Talavera de la Reina. Toledo)
Francisco Pascual (Moveros, Fonfría. Zamora)
Francisco Saavedra Leva (Salvatierra de los Barros. Badaxoz)
Graci Arias (Puertollano. Cidade Real)
Joaquín Albalat (Ribesalbes. Castellón)
José Antonio Añón Lista (Buño, Malpica de Bergantiños. A Coruña)
José Vázquez (Niñodaguia, Xunqueira de Espadanedo. Ourense)
Juanjo Pajares (Arroio de la Luz. Cáceres)
Miguel Carrera (Tioira, Maceda. Ourense)
Pedro Góngora (Úbeda. Xaén)
Pedro Rodríguez (Pereruela. Zamora)

EXPOSICIÓN

5 ao 29/10 **Barro e mel, as máis belas tradicións de galicia**
Museo Provincial de Lugo

FEIRA DO MEL

7, 8/10 **XXX Feira do Mel, Lugo 2023**
Praza da Soedade

© das fotografías: os seus autores / © dos textos: os seus autores / © da edición: Concello de Lugo
Prohibida a reprodución total ou parcial desta obra sen a autorización escrita do titular do copyright

Museo Provincial de Lugo
5 ao 29 de outubro/2023